

## OS MENORES TUTELADOS: UN SILENCIO PERPETUO

A principios de 2021, xa recollidos os datos que deixou a pandemia e concretamente o confinamento, as alarmas saltan na Xunta de Galicia. O número de menores tutelados durante este período aumentou nun 4%. A crise económica, derivada da sanitaria, provocou a súa vez unha crise social que fixo que centos de familias en risco de exclusión social viran como os seus recursos económicos desaparecían ou se reducían, imposibilitando o correcto coidado dos seus fillos.

Os datos recollidos pola *Estadística de protección de menores* no 2020 referidos ao ano anterior amosan que os menores en situación de tutela foron no 2019, 1843; e aqueles en garda pola Xunta, 532. Cos novos datos, queda en preto de 2700 os rapaces e rapazas que por múltiples razóns non poden convivir no seu núcleo familiar máis próximo na nosa comunidade.

Para comprender mellor a realidade que viven no seu día a día estes rapaces, cómpre concretar cales son as causas principais polas que unha persoa menor de idade está baixo tutela ou en garda pola Xunta. Enténdese que está baixo tutela porque existe unha situación de desamparo. Pero, que entende a administración pública por desamparo? Na seguinte gráfica amosamos algúns dos principais medidores que se teñen en conta para determinalo.

A tutela supón a asunción de todas aquelas obrigas derivadas do exercicio da garda do menor, así como da súa representación e administración. Por outra banda, no caso dos menores baixo garda, habitualmente son as familias as que acoden á Xunta de Galicia para solicitar esta condición durante un tempo determinado, xustificando non poder atendelos por enfermidade ou outras circunstancias graves. O exercicio da garda supón a obriga de velar por el, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación íntegra.

**CANDO SE CONSIDERA QUE UN MENOR ESTÁ EN SITUACIÓN DE DESAMPARO?**

-  ABANDONO
-  MALTRATOS FÍSICOS, PSÍQUICOS OU ABUSOS SEXUALES
-  DESCUIDO NOS DEBERES ALIMENTARIOS, HIXIÉNICOS E DE SAÚDE
-  EXPLOTACIÓN ECONÓMICA OU SEXUAL DO MENOR
-  CONDUTAS ADITIVAS CONSENTIDAS NOS MENORES OU NAS PERSOAS QUE INTEGRAN A UNIDADE FAMILIAR
-  ENFERMIDADE MENTAL GRAVE

### ANTE TODO PREVENCIÓN

O ideal, con todo, -e o que se establece como primeira opción- segundo nos conta Pilar, coordinadora das vivendas de acollida de Igaxes, é intentar non separar ao menor da súa familia. Por iso, dende a Xunta de Galicia, preséntanse diferentes métodos e programas de prevención que se empregan cando se detecta unha situación de risco ou desamparo por parte da familia directa.

## **“O ideal é intentar non separar ao menor da súa familia”**

O primeiro deles, un gabinete de orientación familiar. Este está formado por un equipo técnico (psicólogos, traballadores sociais, xuristas...) que atenden problemas relacionados coa conflitividade familiar. Ofrecen información sobre os recursos dispoñibles, formación ás familias, axuda persoal, emocional e terapia co fin de adquirir habilidades para que as dinámicas familiares se vexan fortalecidas.

A través do que dende a Xunta chaman mediación familiar, e nunha liña semellante ao gabinete, existe a posibilidade de que unha persoa allea que actúa de forma neutral, imparcial e confidencial (o mediador) facilite a comunicación entre os membros da familia, có fin de que xestionen por si mesmos unha solución aos conflitos que lles afecten.

Pola súa banda, a fundación Meniños é a encargada de levar a cabo o seguinte recurso: o programa de integración familiar. Desde este, trátase non só de evitar a separación familiar, senón tamén conseguir a reunificación familiar daqueles nenos separados da súa familia. Supón unha atención personalizada de carácter integral, con apoio psicolóxico, social e educativo que trata de rachar con aquelas dinámicas de funcionamento deterioradas polas familia.

Tamén existe unha atención de día e un programa de apoio socio-educativo, no que se encargan principalmente de prestar aos menores en situación de risco ou desamparo a cobertura das súas necesidades básicas en materia de alimentación, hixiene e vestido, apoio escolar, mediación escolar e animación planificada do tempo libre. Por último, e xa pensado para un perfil adolescente, dende a Xunta ofrécese un programa de intervención ambulatoria dirixido aos menores que presentan conductas disociales, comisión de delitos, consumo de drogas, fracaso, expulsión ou violencia escolar.

Como se pode comprobar, a oferta que a Xunta de Galicia pon a disposición da cidadanía é bastante ampla. Porén, como ocorre con moitas cousas na rede do sector público, existe unha falta de información: a meirande parte dos cidadáns non saben nin a súa existencia, nin como acceder a estas axudas. Este problema vese agravado se temos en conta que as familias que sofren estas inestabilidades pertencen ás clases baixas ou marxinais, o que dificulta o acceso ás institucións públicas, ou mesmo a internet.

### **DIFERENTES OPCIONS ANTE UNHA SITUACION DE VULNERABILIDADE**

Para evitar situacións de risco e desamparo, todas as accións preventivas de apoio ao menor deben de ser as medidas prioritarias. Pero, cando isto non é posible, débese buscar outra alternativa familiar. O obxectivo é evitar, na medida do posible, o desarraigamento e o cambio de ámbito social destes nenos e nenas en situación de vulnerabilidade.

Por iso, a primeira opción sempre é o acollemento na súa propia familia extensa. O termo fai referencia a cando existen vínculos de parentesco entre a familia acollidora e o neno ou nena, xa sexan tíos, avós ou primos. Garantir a permanencia dos rapaces e rapazas no seu propio ambiente é unha prioridade. “Inténtase que a dificultade dos rapaces se poida tratar no núcleo familiar”, comenta Pilar, coordinadora das vivendas de acollida en Igaxes.

Pero nesta opción poden aparecer diversos problemas que dificulten o acollemento. Podemos falar dunha situación de abuso ou de conflito que poida seguir dándose se o menor non é desvinculado de todo o círculo familiar. Neste caso, a administración deberá valorar se o menor corre o risco de repetir a súa situación, ben sexa por parte da familia que asumirá a tutela, ou se existe a posibilidade de que o contacto cos proxenitores non sexa detido. Tamén podemos falar do caso no que os familiares cercanos non poidan asumir a responsabilidade ou que non queiran facelo.

Cando esta opción non é viable, procédese ao acollemento nunha familia allea que participe no programa. “Hai moito medo e inseguridades cando aparece unha familia acolledora, dende o momento en comunicarllo ao neno ata o momento de coñecerlos”, di Brais Couto, educador social en Santiago de Compostela. Por iso, dende os centros intentan que sexa un procedemento ipso facto, e que non pase mais dun día dende que se lles comunica ata que os coñezan. “Hai que traballar moito con eles, e facerlles ver que van estar mellor alí”, comenta Brais. Coas familias desenvólven un vínculo que non van perder nunca, xa que a atención dos pais é maior ca a de un educador que ten que estar pendente de moitos rapaces e rapazas á vez. “Xa soamente a experiencia de formar parte dun lugar é moito”, engade.

### **“Hai que traballar moito con eles, e facerlles ver que van estar mellor alí”**

Os educadores dos centros concordan en que a aparición dunha familia de acollida é unha oportunidade moi grande, sobre todo a nivel académico. Existen recursos e programas que axudan á inserción laboral dos adolescentes tutelados, pero non moitos para axudarlles a seguir estudando. “Unha familia é a oportunidade que teñen para que se lles facilite esta posibilidade”, asegura Brais. Cóntanos que o número de familias acolledoras en Santiago de Compostela non é suficiente; e esta escaseza ven motivada, en parte, polas condicións que un ten que cumprir ao inscribirse no programa. Fíxanse no nivel sociopsicolóxico, sociocultural e socioeconómico. Unha familia con poucos recursos, por exemplo, non vai poder ser nunca acolledora.

Aínda así, os requisitos son menos estritos que cando se ten que levar a cabo unha adopción. Esta é a medida mais extrema, á que se acude en última instancia, xa que desta forma estase afastando ao neno por completo do ámbito familiar. “As adopcións, mais que ser un dereito para as persoas que non teñen fillos, son unha iniciativa de protección ao menor”, di Pilar, organizadora das casas de acollida de Igaxes. É un recurso legal dirixido a proporcionarlle un fogar permanente a nenos e nenas en situación de desamparo, para satisfacer as súas necesidades afectivas e socioeducativas.

### **“As adopcións, mais que ser un dereito para as persoas que non teñen fillos, son unha iniciativa de protección ao menor”**

Cando un neno ou nena ten que ser separado da súa familia, son os técnicos da consellería de menores os que valoran, en cada caso, cal é a mellor alternativa. Para iso, a Xunta dispón dos Equipos Técnicos do Menor, encargados da valoración e intervención. Son eles quen propoñen as medidas de protección e administran os programas para acadar as necesidades dos nenos e nenas, acorde coas posibilidades da Xunta de Galicia.

Aínda que se considera prioritario que o menor permaneza na familia extensa ou, se esta non existe ou non pode atendelo, nunha familia de acollida allea, cando estas

opcións se descartan existe un recurso intermedio antes da adopción. Proponse un centro residencial da rede dispoñible que poida responder as necesidades específicas do rapaz en cuestión. Entre os criterios máis importantes que se teñen en conta para propoñer un centro determinado atópase a proximidade á residencia habitual, co fin de permitir que o neno ou nena conserve a referencia e o contacto familiar.

En Santiago de Compostela, hai tres centros de acollida activos. Brais Couto leva traballando nun deles dende o comezo do Estado de Alarma. “O número de persoas que traballamos na casa non é escaso, pero se houbera algunha mais agradeceríase” comenta Brais. Divídense en tres quendas, de mañá, tarde e noite, e en cada turno son tres educadores. Pensa que o problema é que os recursos ofrecidos pola Xunta en materia de Infancia e Adolescencia non son suficientes. “Hai moito menor ao que non se está chegando”, alega. O obxectivo para eles é que estes rapaces e rapazas pasen o menor tempo posible no centro, ata atopar unha familia de acollida que se adapte ás súas necesidades persoais. Para Brais, o centro é un recurso transitorio. “Nunha familia, sempre van ter mais atención”, di.

### **“Hai moito menor ao que non se está chegando”**

Cóntanos que aínda na actualidade existe o estigma e o prexuízo de que as persoas que forman parte dos centros de menores son problemáticos ou incluso delincuentes. Gran parte da poboación segue asumindo a comparación entre centro de menores e cárcere de menores. “Falta unha cousa na vila e a culpa xa lla votan ao rapaces da casa de acollida” afirmaba Brais cando lle preguntabamos por este tema.

Os rapaces que residen ou teñen que acudir a estes centros atópanse a diario con dificultades na súa vida diaria, ao que se suma, en moitas ocasións, ao trato discriminatorio e pexorativo da sociedade. Proba desta discriminación, particularmente en Santiago de Compostela, apreciamos a localización periférica dos centros, como se fora algo á marxe da cidade e da civilización.

## **A REALIDADE DENDE DENTRO**

Chari ten 16 anos e leva preto dun ano no piso que Igaxes dirixe na cidade compostelá. Ao chegar notou moitos cambios, sobre todo na convivencia; ó que máis lle costou adaptarse foi ás normas, “Chocáronme bastante, eu estaba afeita a facer o que me dese a gana”. Ás 11 da noite de luns a venres teñen que deixar o móbil, e ás 11 e media debe reinar o silencio absoluta na vivenda. En canto ás saídas tamén hai límites, que Chari asegura moita xente non comprende á hora de levar unha amizade: o seu tempo libre abarca 3 horas tan só os venres e os sábados.

Os estigmas que aínda existen na actualidade sobre estes rapaces indignan a Chari: “A día de hoxe dis que vives nun piso tutelado e imaxínanse o peor, un centro de menores, nenos con problemas en casa e nenos conflictivos. E non é así, eu estou aquí para o mellor, para o día de mañá poder ter un futuro”.

Os beneficios de vivir nunha vivenda tutelada son para ela moitos, entre eles que o proceso de maduración é moito máis rápido, madúrase “á forza”. “Se estás mal tes que ir ao médico só, non podes pedirle á túa nai que che de unha pastilla. Tes que facer as túas propias xestións”. Con 16 anos Chari xa ten un currículo, está atenta das listas do SEPE, etc. E todo isto como di ela “por vivir nun piso Mentor”.

Os educadores da vivenda son para ela os seus pais, a súa vida, “Nai solo hai unha din, pero para min miña nai e quen me coida, non quen me pare”. Non sente que lle quiten tempo da súa adolescencia, senón todo o contrario: “Estou encantada de poder xogar con vantaxe, estou segura que os meus pais a esta idade non me ensinarían tantas cousas”.

## **O PROXECTO MENTOR: EN BUSCA DUN FUTURO CON OPORTUNIDADES**

Cando os rapaces e rapazas se atopan na fase de saída do sistema de protección iniciado pola Administración pública, propónselles a opción de residir nun piso tutelado. En Santiago de Compostela, destes encárgase o programa Mentor; xestionado dende o ano 2005 por IGAXES e financiado polo Fondo Social Europeo e a Xunta de Galicia. Este programa vai dirixido a mozos e mozas tutelados pola Xunta de entre 16 e 21 anos que traballen, busquen traballo activamente ou estuden. “Traballamos cos rapaces para a súa reinserción laboral cun plan individualizado”, comenta Pilar.

### **“Traballamos cos rapaces para a súa reinserción laboral cun plan individualizado”**

O equipo de coordinación, asesoramento e seguimento laboral deste programa conta con coñecementos sobre o funcionamento dos recursos de integración laboral en cada unha das áreas territoriais da intervención. Desde a perspectiva da localización dos centros, a tramitación de autoemprego, a creación de empresas cooperativas, etc. Este equipo está constituído por 7 expertos en áreas de formación e emprego: 3/4 son pedagogos ou psicólogos sociais ou de empresa, mentres que os outros 4/3 profesionais son persoas que están ou estiveron relacionados co mundo laboral (técnicos de emprego, persoal de empresas de emprego temporal, etc.) e outros 3 son habitualmente bolseiros, encargados da coordinación administrativa do programa.

En Santiago de Compostela atopamos unha destas vivendas a cargo de Igaxes. Aínda que con capacidade para oito persoas, actualmente soamente está ocupada por catro rapaces e rapazas; xunto a eles, conviven diariamente os educadores sociais. Mentres que os adolescentes aprenden a xestionar a súa propia autonomía e horarios, estes están

acompañados polos profesionais durante as 24 horas do día; cando xa funcionan ben na vivenda, a presenza do educador diminúe, sempre dependendo do grao de autonomía dos mozos. O obxectivo é preparar aos rapaces e rapazas para a vida independente. Por iso, son eles os que xestionan os recados, a compra, a limpeza, etc. “O primeiro mes sempre é de pelexa continua polas tarefas que se teñen que facer e non se fan”, di Brais.



*Rapaces e rapaces realizando diferentes actividades do Programa Mentor en Santiago de Compostela*

Cando os rapaces saen do centro, aos 21 anos, o programa Mentor estipula unha serie de seguimentos periódicos dos rapaces. Primeiro, cada seis meses; despois, cada dous anos, ata que os expertos consideren que xa non é necesario. Pero, a maiores deste seguimento que Pilar clasifica como “formal”, entra en xogo un tipo de alcance mais “informal”. Xorde dos vínculos afectivos que crean os rapaces cos educadores, froito da convivencia e de compartir. “Nas vivendas xéranse relacións boas cun apego estable e seguro, polo que o rapaz entende que pode acudir ao educador ante calquera dúbida”, di Pilar.

## UNHA VISIÓN MÁIS PERSOAL

Jorge e Nacho levan 2 anos e 1 ano respectivamente dentro do programa Mentor. O cambio máis grande ao chegar á vivenda veu pola implantación dunhas normas. “Yo en mi casa, con mi situación personal, no tenía unas normas estables. Entonces al llegar a la vivienda tienes que cambiar el chip”, comenta Nacho.

O descoñecemento é de novo unha das razóns polas que a xente confunde o por qué de que estes rapaces vivan nestas casas. “En la mayoría de casos es por problemas familiares en casa que no tienen nada que ver contigo. Por seguridad te tienen que llevar a algún lado”, di Jorge. “Muchas veces nos fastidia mucho a los que estamos en la vivienda. Pero tenemos que entenderlos, no todo el mundo tiene que conocer una vivienda tutelada”, engade Nacho. A axuda, as facilidades e o feito de que se senten con eles a falar é o que máis valoran dos seus educadores: “Tenemos el apoyo que merecemos por parte de ellos”, asegura Nacho.

O obxectivo de ambos é saír da vivenda e ter unha situación estable, tanto económica como emocional. Nacho confesa que o seu único medo de cara o futuro é sentirse só; di que necesitan saír cunha mentalidade madura.